



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL. 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expediente 2023/G010/000012

### CONVOCATORIA CONCELLO PLENO ORDINARIO

En aplicación dos artigos 46.1 e 21.1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como do artigo 38 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, dispoño se convoque ao **CONCELLO PLENO** á sesión **ORDINARIA** que se celebrará nesta Casa do Concello o **MÉRCORES** día **13/09/2023** ás **NOVE HORAS E TRINTA MINUTOS (09:30 h)**, en primeira convocatoria e, no seu defecto, dous días despois, en segunda convocatoria, para tratar dos asuntos que integran a seguinte

### ORDE DO DÍA

- 1º) Aprobar as actas das sesións plenarias dos días 17/06/2023 (constitutiva); extraordinaria (28/06/2023); extraordinaria urxente (07/07/2023) e extraordinaria urxente (13/07/2023).
- 2º) Dar conta dos decretos dos meses de maio, xuño, xullo e agosto do ano 2023. En particular, dos decretos nº 979/2023, do 02 de maio; 982/2023, do 03 de maio; 1103/2023, do 15 de maio; 1250/2023, do 23 de maio; 1322/2023, do 08 de xuño; 1367/2023, do 14 de xuño; 1481/2023, do 28 de xuño; 1491/2023, do 29 de xuño; 1514/2023, do 03 de xullo; 1533/2023, do 07 de xullo; 1589, do 13 de xullo; 1640/2023, do 20 de xullo e 1687/2023, do 26 de xullo.
- 3º) Dar conta do escrito de aceptación de dedicacións exclusivas e parciais presentado por diversos concelleiros e concelleiras.
- 4º) Dar conta do escrito presentado polos diferentes grupos políticos designando os membros das Comisións Informativas
- 5º) Dar conta do decreto nº 1682/2023, do 24 de xullo, de delegación da Presidencia das Comisións Informativas.
- 6º) Adxudicar o servizo de xestión da piscina municipal do Concello das Pontes de García Rodríguez
- 7º) Resolver de mutuo acordo o contrato para a xestión do servizo público de recollida de residuos no Concello das Pontes de García Rodríguez e transporte á ecoplanta de Narón, limpeza viaria e xestión do punto limpo asinado en data 18/01/2021 coa empresa Valoriza Servizos Medioambientais, SA
- 8º) Levantar o reparo suspensivo número 426/2023 emitido pola interventora municipal con data 05/09/2023 e aprobar a concesión dunha subvención nominativa a favor da Asociación de Empresarios Seara e do convenio de colaboración entre o Concello das Pontes de García Rodríguez e o a Asociación de Empresarios Seara para o financiamento de investimento para o ano 2023
- 9º) Levantar o reparo suspensivo número 425/2023 emitido pola interventora municipal con data 05/09/2023 e aprobar a concesión dunha subvención nominativa a favor da Asociación de Comerciantes, Hostaleiros e Empresarios Ponteses (Cohempo) e do convenio de colaboración entre o Concello das Pontes de García Rodríguez e a Asociación de Comerciantes, Hostaleiros e Empresarios Ponteses (COHEMPO) para financiar investimentos no ano 2023
- 10º) Aprobar a concesión dunha subvención nominativa a favor do Club Ciclista Vilalba-As Pontes para a organización do Ciclocross Lago de As Pontes 2023



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL. 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

- 11º) Aprobar a concesión dunha subvención nominativa a favor da Asociación Liga Noroeste para a organización dunha regata da Liga Galega de Traiñeiras 2023 no Lago das Pontes.
- 12º) Aprobar a concesión de subvención nominativa a favor da Federación Galega de Vela para financiar as actividades da Gala Galega de Vela nas Pontes de García Rodríguez no ano 2023
- 13º) Aprobar a concesión de subvención nominativa a favor da Asociación Gatos Ferales de As Pontes para financiar o coidado de colonias de gatos das Pontes de García Rodríguez
- 14º) Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 8/2023
- 15º) Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 9/2023
- 16º) Mocións
- 17º) Rogos e preguntas

O que lle traslado, para o seu coñecemento e asistencia á sesión que convoca, agardando que concorra vostede ao acto. Se, por causa xustificada, no puidese facelo deberá comunicalo a esta Alcaldía coa antelación necesaria, prevíndolle que a partir desta data terá á súa disposición cantos antecedentes se relacionan co asunto incluído na orde do día da convocatoria, para o obxecto de que poidan coñecelos antes de deliberar.

As Pontes de García Rodríguez, 08 de setembro de 2023

O alcalde

Valentín González Formoso

CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS DO CONCELLO DAS PONTES

SECRETARÍA E INTERVENCIÓN